

# **PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030**

## **MATRIZ DAFO**

### **FOMENTO DE ACTUACIÓNS ECONÓMICAS: SECTOR PRIMARIO**

## GRUPO 3: COMPETITIVIDADE

### MESA: Fomento de actuacións económicas: sector primario

#### RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1. Fixar poboación no rural e promocionar o relevo xeracional nas actividades do sector primario.**
- 2. Dinamizar a cadea de valor completa do sector primario, desde a extracción, produción, transformación e comercialización de produtos do sector primario.**
  - 2.1 Reforzar os instrumentos de planificación do sector primario, traballando desde análises de tendencias dos mercados.
  - 2.2 Dar visibilidade e difundir o coñecemento sobre a realidade existente, a oferta actual de produtos galegos do sector e o impacto do mesmo, especialmente no medio rural galego.
  - 2.3 Fomentar a diferenciación do produto, en relación á posta en valor dos produtos en termos de **calidade, produción sustentable, seguridade alimentaria** e produtos saudables, para minimizar a competencia por prezo. Impulsar a Marca Galicia.
  - 2.4 Reforzar os procesos de transformación e comercialización, a través do control e desenvolvemento de novas canles de comercialización.
- 3. Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector primario:**
  - 3.1 Desenvolvendo incentivos fiscais para o investimento empresarial no sector primario.
  - 3.2 Minimizando e eliminando trabas legislativas e burocráticas vinculadas á apertura e consolidación de iniciativas empresariais.
- 4. Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras, pesqueiras, acuícolas e forestais para aumentar a súa competitividade:**
  - 4.1 A través de instrumentos financeiros de apoio á modernización e introdución das enerxías renovables.
  - 4.2 Impulsar a **dixitalización** no sector primario e aplicación da industria 4.0, a **tecnificación** das tarefas e procesos e a utilización de técnicas de análises de datos como elementos que permitan gañar competitividade.
- 5. Fomentar a I+D+i no sector primario:**
  - 5.1 Impulsando a transferencia de coñecementos e innovación entre os axentes do sector primario galego e entre empresas complementarias e auxiliares.

5.2 Fomentar un maior investimento público-privado en I+D+i e mellorar as condicións do persoal investigador do sector para conseguir atraer talento.

6. **Contribuír á atenuación do cambio climático e á adaptación aos seus efectos promovendo un crecemento sustentable e a xestión eficiente de recursos naturais que permita manter a actividade no sector primario.**
7. **Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio. Ensinar ás empresas e produtores a sacar rendemento aos subprodutos.**
8. **Dignificar as profesións ligadas ao sector primario e fomentar a aprendizaxe permanente e a formación profesional dos traballadores e traballadoras.**
9. **Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sustentable.**
10. **Mellorar a xestión dos fondos comunitarios de investimento destinados ao sector, especialmente en relación a unha planificación de transformación do sector.**
11. **Mellorar as infraestruturas portuarias e portos pesqueiros e a conexión con outras infraestruturas de transporte.**
12. **Mellorar a xestión das importacións, igualando as condicións das importacións doutros países no que se refire a estándares sociais, laborais e ambientais.**
13. **Completar un Mapa de solos de Galicia que permita mellorar o coñecemento das tipoloxías de solos, superficies, especies e permita coñecer a súa sensibilidade e resistencia fronte aos distintos axentes degradativos.**
14. **Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade de terras como elementos para facer máis rendibles as explotacións e eliminar ineficacias na xestión. Apoiar a especialización das empresas e incentivar o control dos canais de comercialización da madeira. Impulsar o uso da madeira local na construción e rehabilitación, para facer da industria forestal a panca da bioeconomía.**

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Envellecemento da poboación ocupada no sector primario e falta de relevo xeracional.	A.1 Baixa percepción social das profesións agrarias e do mar, agravada por la incerteza das políticas agrarias e pesqueiras, o poder dos intermediarios e distribuidores para a negociación de prezos e prazos de pago, a penetración de medianas e grandes superficies comerciais e os problemas de seguridade alimentaria.	F.1 Liderado en distintas actividades do sector primario e da industria alimentaria: forestal, acuicultura, fabricación de produtos lácteos, fabricación de conservas de peixes e moluscos, etc.	O.1 Posibilidades de emprego no sector primario.
D.2 Despoboamento das zonas rurais e elevada dispersión da poboación cun elevado número de núcleos rurais.	A.2 Redución da superficie agraria útil e do número de explotacións. Incremento do abandono dos terreos para uso agrícola ou forestal por falta de recambio no rural.	F.2 Importancia do sector primario e a súa industria de transformación, na estrutura socio-económica de Galicia.	O.2 Existencia dun importante volume de consumidores concienciados en demanda de produtos locais, respectuosos co medio ambiente, de calidade e de maior valor engadido.
D.3 A presenza da muller na ocupación nas actividades do sector primario é inferior ao 40%.	A.3 Competencia pola entrada de produtos de terceiros países máis competitivos que non respectan os estándares de calidade.	F.3 Dispoñibilidade de recursos xenéticos autóctonos de alta calidade, especialmente no ámbito da produción forestal, cárnica, vitícola, marisqueira e acuícola.	O.3 Desenvolvemento de novos canais de comercialización.
D.4 Limitacións biofísicas de gran parte da superficie agraria útil que se encontra en municipios designados como zonas desfavorecidas.	A.4 Volatilidade dos prezos dos produtos agrarios e do mar.	F.4 Presencia de centros de investigación e de transferencia tecnolóxica no ámbito do sector.	O.4 Masa crítica suficiente para xerar novos proxectos, e desenvolver ideas innovadoras; apertura á innovación e á calidade.
D.5 Atomización do sector primario e da industria alimentaria, tanto na produción como na comercialización. Escasa cultura da agrupación e organización ao longo da cadea de valor.	A.5 Intensificación da agricultura que pode supor un risco para a conservación da biodiversidade e as zonas Rede Natura 2000.	F.5 Condicións climáticas favorables para a produción agrícola, forestal, pesqueira, marisqueira e acuícola.	O.5 Potencial da economía circular no sector primario aumentando a cota de aproveitamento dos seus residuos e subprodutos xerando oportunidades de negocio e de novos postos de traballo (emprego verde).

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.6 Escasa influencia dos produtores na capacidade de regulación dos mercados, que ten repercusión directa na fixación dos prezos	A.6 O cambio climático aumenta o risco de desastres naturais, temperaturas máis altas no mar, aparición de novas pragas e enfermidades, secas, inundacións, incendios forestais, etc.	F.6 A importancia da masa forestal galega converte á comunidade nun bo sumidoiro de carbono, converténdoo nun sector estratéxico no actual contexto de bioeconomía, economía circular e descarbonización.	O.6 A Estratexia de Mitigación do Cambio Climático 2050 e a Estratexia de Bioeconomía da UE, fomentan a transición cara unha economía circular baseada en recursos naturais.
D.7 Débil penetración en novos mercados dos produtos agrarios, do mar e das industrias alimenticias.	A.7 Risco potencial de erosión dos solos.	F.7 Ampla diversidade de razas e variedades autóctonas, que sustentan producións de calidade diferenciada, así como diversidade de especies capturadas na pesca e no marisqueo.	O.7 Desenvolvemento da agricultura e acuicultura ecolóxica.
D.8 Escasa aportación á produción ecolóxica.	A.8 Previsión dun menor ritmo de crecemento da actividade económica nos próximos anos.	F.8 Extensa tradición de mercados locais e feiras, así como ampla distribución de mercados e lonxas locais de pesca e marisqueo.	O.8 Diversificación económica das explotacións. Promoción das canles curtas de distribución e participación do agricultor/a, do silvicultor/a e pescador/a no valor engadido da cadea de comercialización
D.9 descoñecemento das redes de distribución e comercialización dos produtos transformados, o que é un freo para o desenvolvemento de novos produtos.	A.9 Escenario de incerteza respecto ao volume de recursos financeiros procedentes da política agraria común e do fondo marítimo pesqueiro para o período 2021-2027.	F.9 Marca de calidade do produto galego con distintivos de denominación de orixe e de indicación xeográfica protexida.	O.9 Expandir a explotación agroforestal, a reforestación e a restauración de zonas degradadas para reducir as emisións GEI.
D.10 Falta de promoción dos produtores e das empresas de transformación dos produtos de calidade.	A.10 Inseguridade sobre as consecuencias da saída do Reino Unido da Unión Europea.	F.10 Completa oferta formativa no ámbito agro-forestal e marítimo-pesqueiro tanto universitaria como de formación profesional.	O.10 O incremento da bioenerxía supón igualmente unha oportunidade para os biocombustibles, en especial para a biomasa, tanto como fonte de enerxía térmica ou eléctrica.
D.11 Baixa produtividade laboral no sector primario e insuficiente profesionalización.	A.11 Dificultade de acceso ao crédito.	F.11 Elevado nivel de esixencia e control en materia de sanidade animal e vexetal e elevados estándares de calidade, trazabilidade e seguridade alimentaria.	O.11 Desenvolvemento do modelo de pequena explotación como alternativa ao abandono da actividade agraria, favorecendo o mantemento da poboación, a economía e a conservación dos recursos naturais.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.12 Escasa modernización e competitividade das explotacións do sector primario.	A.12 Presión das actividades económicas e asentamentos de poboación sobre zonas de gran valor ambiental e natural.	F.12 Riqueza patrimonial, paisaxística e de biodiversidade de Galicia, así coma condicións oceanográficas vinculadas á produción marítimo-pesqueira..	O.12 Papel multifuncional do sector primario no mantemento da biodiversidade.
D.13 Reducido gasto en I+D e escasa innovación nos produtos e procesos.	A.13 Insuficiente coñecemento do estado de conservación de hábitats e especies e a súa vulnerabilidade ás actividades humanas.	F.13 Experiencia previa na modernización e renovación de embarcacións de pesca e importante representatividade e versatilidade da flota artesanal.	O.13 Demanda social de equipamentos de uso público e infraestruturas naturais (corredores verdes, montes periurbanos, camiños, sendeiros, carrís-bici, etc.).
D.14 Insuficiente transferencia das actividades de investigación e innovación desenvolvidas ao sector.	A.14 A polución acuática e outros cambios do ambiente poden afectar á acuicultura e a pesca extractiva.	F.14 Internacionalización comercial e presenza mundial e diversificación produtiva en termos pesqueiros.	O.14 Desenvolvemento e emprego de enerxías renovables para o autoabastecemento das explotacións.
D.15 Elevadas emisións de gases de efecto invernadoiro e sector xerador de gran cantidade de residuos e de elementos contaminantes do aire, solo e auga.	A.15 Sobreexplotación pesqueira e insuficiente coñecemento sobre o estado de conservación de hábitats e especies.	F.15 Existencia dun amplo tecido de cadea mar-industria e actividades conexas, como depuración ou cocido de mariscos.	O.15 Dispoñibilidade de instrumentos financeiros adaptados ás necesidades do sector.
D.16 Falta de formación e concienciación no uso de recursos naturais polo sector, e en concreto no uso e xestión de praguicidas, esterco e fertilizantes.	A.16 Suspensión temporal da actividade de colleita de moluscos por motivos de saúde pública.	F.16 Crecente diversificación e complementación da economía marítimo-pesqueira nas áreas costeiras non urbanas.	O.16 Novas actividades ligadas ao turismo mariñeiro, ao turismo na natureza e á diversificación de actividades vinculadas ao campo e ao mar.
D.17 Minifundismo e reducida xestión sustentable da superficie forestal, coa perda consecuente do potencial que ten o monte como sumidoiro de carbono, e o incremento do risco de incendios derivado.	A.17 Presión e competencia polo espazo de novas actividades, especialmente vinculadas á produción enerxética e extracción mineira	F.17 Importante experiencia de xestión e ordenación administrativa e normativa das actividades do sector primario.	O.17 Boas perspectivas de mercado para incrementar a produción con novas especies, novos produtos e servizos de valor engadido.
D.18 Escasa cualificación dos recursos humanos no sector primario.	A.18 Afectación de indefinicións e falla de previsibilidade en ámbitos produtivos coma os climatolóxicos ou os de definición de cotas.	F.18 Empoderamento dos titulares forestais que están a xestionar de forma activa as súas propiedades (silvicultores activos).	O.18 Potenciar o papel das mulleres e da mocidade nas actividades do sector primario.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.19 Maior taxa de risco de pobreza ou exclusión social e menor taxa de actividade, renda dispoñible por habitante e importe medio das pensións contributivas nas zonas pouco poboadas, respecto ás zonas máis poboadas de Galicia.			O.19 Apoio económico-financieiro xerado cos fondos europeos, especialmente nos novos retos sinalados polo tecido social (lizo mariño, cambio climático...)
D.20 Existencia de infraestruturas portuarias con déficits en impacto ambiental, contaminación e conexión con outro medios de transporte.			O.20 Importante aproveitamento das dimensións culturais, patrimoniais, gastronómicas e etnográficas como elemento de atracción de turismo.
D.21 Dificultades para a mobilidade de terras, no acceso á terra asociadas á transmisión da propiedade intrafamiliar e reticencia dos propietarios de terras a cedelas.			
D.22 Falta de criterios comúns de xestión forestal e insuficiente coordinación entre propietarios forestais.			
D.23 Dificultades de entrada no sector marítimo-pesqueiro por estruturación pechada dos buques que dispoñen de posibilidades de pesca.			